



**Acta núm. 24/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 12 de agosto de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 12 de agosto de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretaria Ana Sánchez Fontáns, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 23/2020, DO 05.08.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 23/2020, DO 05.08.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 05.08.2020, acta núm. 23/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BERNARDINO MONTERO GONZÁLEZ, na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita en Chave de Ponte nº 26 - Bastavales; o peche terá unha lonxitude aprox. de 40 metros lineais dos cales 26 metros lindan coa vía pública e farase con muro de pedra de 60 centímetros de altura e arame por enriba, colocando ademais un portalón de entrada.

A parcela na que se van a executar as obras (referencia catastral nº9112301NH2491S00001GT), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 m. do eixo do vial.
- A altura total do peche será máximo de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,73 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 97,30 euros

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por INÉS BARREIRO REGUEIRO, na que comunica que vai realizar obras de conservación dunha vivenda sita no lugar de Coruxido nº 29 – Bastavales, substituindo o material de cobertura existente por pranchas de fibrocemento e tella cerámica curva, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación na que se van a executar as obras, (referencia catastral nº 7505123NH2470N0001RK), atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 135,06 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 199,63 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ RAMÓN BLANCO FIDALGO, na que comunica que vai realizar obras de reparación e conservación dun muro de aproximadamente 17 metros de lonxitude que linda coa vía pública, sito en Piñeiro nº 17 – Os Ánxeles, substituindo a reixa situada enriba da parte cega do muro e os portalóns de acceso, por reixa e portalóns de acceso novos.

O muro atópase en situación de non plenamente compatible coas determinacións do planeamento, e trátase de obras de conservación que non consolidan nin modifican a altura do peche.

A parcela (referencia catastral nº 6342812NH2464S0001LZ) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 103,72 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 168,29 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROGELIO LUIS MIRAZO BLANCO, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a un alpendre agrícola en Chave de Carballo, desde o apoio UFD existente ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia dunha lonxitude total de 185 metros, segundo proxecto asinado polos enxeñeiros técnicos industriais Fidel Gude Sampedro e Javier González Casanova, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos industriais da Coruña o 10/07/2020 (expte. nº 994/20-ST).

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº15013B503012460000ML) está clasificada como solo rústico de especial protección agropecuaria, segunda D.T.1º.2.d da lei 2/2016 do solo de Galicia, e nela existe alpendre agrícola, que conta con licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno Local o 08.02.2017, e se sitúa dentro da zona de policía do Rego do Castañeiro.

A Xunta de Goberno Local, a vista da Declaración responsable presentada polo interesado en Augas de Galicia, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:



1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos vias nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 450,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 94,57 euros.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de ELESKOING S.L., na que solicitan licenza para construír dúas vivendas unifamiliares no lugar de Gronzo nº 41 e nº 42 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data o 29.04.2020 (expte. nº.: 1903718).

As parcelas onde se pretende construír as edificacións, resultan da segregación da parcela con referencia catastral nº 4856101NH2445N0001MX, parcelas 347-A e parcela 347-B autorizada pola xunta de goberno local o 21.01.2020, atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e se sitúan dentro dunha zona de protección da estrada convencional DP-1301.

Antecedentes:

A superficie sobre as que se redacta o proxecto ten licenza de segregación concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 21.07.2005, consonte co proxecto asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan Carlos Noya Rial, visado núm.1006/12; segunda cal está formada por 3 parcelas, 347-3, 347-5, 347-6.

Sobre ditas parcelas foi outorgada licenza de obra para seis vivendas unifamiliares pareadas pola Xunta de goberno local do 29.11.2008, e aceptada a renuncia de dous o 23.11.2012.

Con data 24.11.2008, foi asinado documento administrativo de cesión do terreo destinados polo planeamento a vias, fora das aliñacións, dunha superficie total de 529,97 m2.

Con data 14.11.2019, a Xunta de Goberno Local toma coñecemento da renuncia da licenza concedida para a construción de dúas vivendas unifamiliares pareadas que se ían construír sobre as parcelas 347-5 e 347-6.

Con data 21.01.2020, a Xunta de Goberno Local concede licenza de agrupación e segregación das parcelas 347-3, 347-5 e 347-6, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, que conta con visado do colexio profesional correspondente de data 18.12.2019 (expte. 14096) e que da como resultado as parcelas 347-A, 347-B e unha parcela de cesión para vias.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación da Coruña para a construción das dúas vivendas unifamiliares, expte. nº 22442/2020, e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:



- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo polo arquitecto Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data o 29.04.2020 (expte. nº.: 1903718).
 - Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 180,00 m² , aceptados pola Xunta de Goberno Local do 21.01.2020, e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario por importe de 1.800,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
 - Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
 - Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
 - Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
 - Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
 - Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
 - Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
 - Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
 - Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 12.485,40 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 698,68 euros.
- Total: 13.184,08 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

A Secretaria accidental

José Luis García García

Ana Sánchez Fontáns